

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 03.05.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 03.05.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Antes de comezar a orde do día saúda á nova interventora e dalle a benvida ao Concello de Fene, así como aos veciños do Concello que asisten ao primeiro pleno do novo goberno.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesións ordinarias do 04.01.2018 e do 01.02.2018

Por parte do concelleiro Joaquín Julián Ayala Garrido solicítase a rectificación dun erro material na acta do 04.01.2018 xa que nos parágrafos 9 e 12 do punto primeiro da orde do día onde di 26.12.2017 debe dicir 26.10.2017.

Ao non haber ningunha obxección, quedan aprobadas as actas da sesións ordinarias do 04.01.2018 e do 01.02.2018, coa rectificación do erro material advertido na acta do 04.01.2018.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 326/2018 ao núm. 468/2018

Os concelleiros danse por informados.

O concelleiro do grupo socialista Joaquín Julián Ayala Garrido roga que se revise a Resolución do 4 de abril pola que se aproba o convenio de colaboración para o proxecto do plan de drogodependencias no sentido de que se revisen as cifras, xa que aparecen 52.000 euros en total.

3. Dación de conta da corrección de erros da Resolución da alcaldía pola que se modifica o réxime de sesións da Xunta de Delegados

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2017

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa fixo constar na Comisión correspondente, a sabendas de que non é obrigatorio para o goberno levar

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

a liquidación do exercicio a ese órgano pero neste Concello, dende que el lembra, sempre se tratou este tema nun punto aparte da Comisión, por iso roga que para as demais cuestións deste estilo se leven ás Comisións e que alí se expliquen. Pídelle á concelleira que explique, cando menos, cal é a solución da liquidación do exercicio 2017 ou se hai algunha matización ao respecto.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que hai algúns parámetros que lle parecen significativos da xestión que se vén facendo dos recursos municipais. Así vese que o remanente total no 2016 era de 2.886.286,76 e no 2017 é de 4.896.276,07 euros, case dous millóns euros máis. Di que son cifras excesivas para un Concello onde ten que primar a xestión e a implementación de obras que melloren a calidade dos veciños e das veciñas, sobre todo porque hai moitos campos onde este Concello é deficitario. Tamén ve que os remanentes non comprometidos son 2.836.013,56 euros, dos cales son incorporables 1.600.000 euros. Outra vez vese un parámetro que ao seu modo de ver dá unha imaxe da paralización da vida municipal, de deixar de executar orzamentos de obras que son imprescindibles para mellorar a calidade da vida dos veciños e veciñas de Fene. Lembra que no capítulo de obras hai que lembrar que a estas alturas aínda hai obras pendentes de executar do 2015, un arranxo na pista de Magalofes, un convenio do 2015 respecto das beirarrúas do Carril. O PAS do 2015 apenas está executado nin un terzo da obra das Pías. Dos plans provinciais do 2016 quedan diversas obras pendentes, entre elas as que constan nos plans complementarios, e do ano 2017, apenas hai executada ningunha obra. Do ano 2018, di que lle gustaría que se comezasen a contratar xa. Os parámetros económicos e as obras pendentes de execución reflexan a paralización da vida municipal durante estes últimos anos.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que está a espera da explicación da concelleira pero xa veu que lle fixo o traballo o voceiro do grupo municipal Socialista. Di que xa non ten nada máis que dicir.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira de Facenda e Patrimonio, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a liquidación que se trae ao Pleno como manda a Lei é para dar conta dela; sorpréndelle moito que o voceiro do grupo municipal do BNG lle pida unha explicación porque foi el quen a aprobou.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que ao mellor se explicou mal, pois non lle pediu unha explicación e si unha opinión. Pregúntalle que lle parece?.

Contéstalle a concelleira de Facenda e Patrimonio, Rocío Aurora Bértoa Puente, que esta liquidación foi aprobada polo anterior goberno municipal o 02.04.2018, pese a que existía unha obriga presupostaria legal que obrigaba a que estivese rematada o mes de marzo, se ben é certo que non foi un problema atribuíble ao Concello senón que foi debido á plataforma informática. Di que o partido Socialista pode ter as mesmas notas respecto da liquidación, tras a súa lectura di que é certo que as facturas páganse correctamente e non van esquecer que houbo un traballo previo dende o 2011 ao 2015 e o goberno do BNG dedicouse sinxelamente a conformar facturas e aprobalas nas Xuntas de Goberno, cousa que é traballo dos técnicos. Tamén ve que hai un remanente de tesourería que non existe para cubrir as obras que hai pendentes de executar, porque realmente están sen executar dende 2016. Realmente hai que facer eses complementos, pero se o BNG presentase un orzamento, non se verían na tesitura actual que, para que saia algunha obra haberá que facer modificacións de crédito, que nestes derradeiros vinte días, logo do cambio de goberno, foi imposible facer, pero haberá que ver que cartos hai para podelos investir nesas obras que relatou o voceiro do grupo municipal Socialista. O papel todo o aguanta, queda todo moi bonito e os ingresos, os gastos ou remanente, pero se existe ese remanente é porque as obras non se fixeron, senón o remanente non existiría, nin tería ese tamaño. Agora cando se empece a executar e usar, posiblemente, se non hai aforro doutras cousas, non existan estas cantidades.

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación e rectificación dun erro material na relación de postos de traballo do Concello de Fene

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 25.04.2018 por 7 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e unha abstención do grupo Mixto municipal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: modificación e rectificación de erro material na relación de postos de traballo do concello de Fene

O 05.12.2013 o Pleno do Concello de Fene aprobou definitivamente a relación de postos de traballo do Concello (RPT en diante).

A RPT foi publicada o 27.12.2013 no boletín oficial da provincial da Coruña (BOP núm. 246) demorando a súa entrada en vigor ata o 01.01.2014.

No ano 2016 tramitouse a primeira modificación da RPT do Concello de Fene publicándose a súa redacción definitiva o 26.07.2016 no boletín oficial da provincia da Coruña (BOP núm. 140).

Neste momento, propónse unha nova modificación da RPT co obxectivo de abrir un posto de traballo de policía local do departamento de seguridade (código 04.00.00.14) para que poida ser cuberto por un funcionario de carreira, mediante o procedemento de mobilidade interadministrativa e que, necesariamente, pertenza á escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local.

O artigo 38.5 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia di “As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade [...]”.

Por outra parte, o artigo 104 do mesmo texto legal -mobilidade interadministrativa- sinala “1. De acordo co principio de reciprocidade e de conformidade co disposto na lexislación básica estatal, así como nos convenios de conferencia sectorial ou outros instrumentos de colaboración que poidan ser subscritos, o persoal funcionario de carreira poderá acceder a postos de traballo doutras administracións públicas, consonte os requisitos e as condicións que se determinen nas relacións de postos de traballo. 2. Os postos de traballo das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei que sexan susceptibles de provisión por persoal funcionario de carreira procedente doutras administracións cubriranse polos procedementos de provisión previstos na presente lei. [...]”.

A apertura a persoal doutras Administracións Públicas deriva da potestade de autoorganización do concello (artigo 4.1.a) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local), que constitúe un compoñente esencial da autonomía local, e se adecúa ao sinalado polos artigos 38.5 e 104 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

En canto á normativa específica da policía local, o artigo 35 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia dispón:

“1. El ingreso en la categoría de policía se realiza por el sistema de oposición libre.

2. El modo de ingreso por oposición libre requiere, además de la superación de las pruebas selectivas que establezca la convocatoria, aprobar un curso de formación en la Academia Gallega de Seguridad Pública y superar un periodo de prácticas. La evaluación del curso de formación y el periodo de prácticas debe restringirse a los méritos y capacidades profesionales.

3. Una vez superadas las pruebas selectivas, el curso de formación y el periodo de prácticas, los aspirantes serán nombrados funcionarios de carrera de la escala y categoría correspondiente.

4. Asimismo, para ser cubiertas mediante concurso, se reservará, como mínimo, un veinticinco por ciento de las plazas convocadas para funcionarios de otros cuerpos de la Policía local de la

Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán tener una categoría igual a la de la convocatoria y una antigüedad mínima en la misma de tres años."

No mesmo texto legal o seu artigo 43 de Garantía da mobilidade establece:

"Para garantir el derecho a la movilidad de los miembros de los cuerpos de Policía local de Galicia, reflejado en los [artículos 35](#) y [37](#) a [42](#), cuando no fuese posible cubrir las vacantes con los porcentajes señalados, las fracciones sobrantes se acumularán a la siguiente o siguientes convocatorias."

Máis concretamente, o artigo 33 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, dispón: "Conforme ao previsto nos artigos 35 a 43 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, o dereito á mobilidade dos policía locais exercerase mediante a reserva de prazas vacantes para a súa cobertura polo procedemento de concurso para funcionarios doutros corpos de policía locais da Comunidade Autónoma de Galicia."

De prosperar a modificación proposta, o posto de traballo de policía local (código 04.00.00.14), sería o único a cubrir por funcionario de carreira que quedaría aberto á provisión por persoal procedente doutras Administracións Públicas, polo que non se superaría o límite do sete por cento recollido no artigo 38.5 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

Para realizar a modificación consignarase o código "D.A.P." no apartado "ADM" correspondente ao posto, consignándose tamén a abreviatura "D.A.P." na "Clarificación sobre abreviaturas, indicacións e contidos incorporados" situada ao final da RPT aprobada.

Por outra banda, detectouse un erro no posto de traballo que se pretende modificar (Código 04.00.00.14) no apartado correspondente á reserva de nacionalidade, xa que aparece reflectido "UE" cando debería ser "RN" ao igual que o resto de postos da unidade de Seguridade.

O artigo 50 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dedicado aos requisitos para o acceso ao emprego público, recolle, entre outros, "ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52, permita o acceso ao emprego público."

No artigo 52.2 exceptúase o acceso de persoas nacionais doutros estados "aos empregos públicos que directa ou indirectamente impliquen participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses das administracións públicas."

No ámbito da normativa autonómica de Galicia, o artigo 21.1.a) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, recolle os requisitos para o acceso á categoría de policía, e esixe reunir, entre outros: "Posuír a nacionalidade española".

A rectificación de erros debe facerse conforme ao previsto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que estipula que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Consta emitido informe favorable da técnica de administración xeral interina Carmen López Villar de data 17.04.2018, conformado pola secretaría municipal.

O órgano competente para a aprobación da modificación da RPT e a súa rectificación é o pleno municipal, conforme aos artigos 202.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e 22.2.i) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, polo que, en base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material existente no posto de traballo co Código 04.00.00.14, no apartado correspondente á reserva de nacionalidade, de forma que:

Onde di: "U.E."
Debe dicir: "R.N."

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a segunda modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Fene e conforme ao seguinte detalle:

Posto actual rectificado:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	ESCALA-SUBESCALA/CATEGORÍA	GR.	C.C.	C.P.T.	PROV.	R.N.	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	ADM.	OBSERVACIÓNS
04.00.00.14	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,00 €	C	RN	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO QUENDAS A

Posto modificado:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	ESCALA-SUBESCALA/CATEGORÍA	GR.	C.C.	C.P.T.	PROV.	R.N.	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	ADM.	OBSERVACIÓNS
04.00.00.14	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,00 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		D.A.P.	TRABALLO QUENDAS A

RPT RESULTANTE:



Dilixencia: acta aprobada na sesión ordinaria do 31.10.2018
A secretaria
Estefanía Manteiga Lamas

C.I.F.: P-1503600-G

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

6 de 31

Pza. do Alcalde Ramón Souto González, s/n, 15500 Fene. Tfno.: 981 492 707 Fax: 981 492 788

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	ESCALA-SUBESCALA/CA TEGORÍA	GR.	C.C.	C.P.T.	PROV.	R.N.	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	ADM.	OBSERVACIÓNS
01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL												
01.00.00.01.	SECRETARIO XERAL-COORDINADOR	F	H.E. (SECRETARIA)	A1	30	36.119,4 €	C	R.N.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		H.E.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN
01.00.00.02.	TEC. ADM. XERAL	F	A.X. (TÉCNICA)	A1	29	17.500,0 €	C	U.E.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
01.00.00.03	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA.)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	A amortizar. A efectiva amortización do posto de traballo producirase no momento no que deixe de ter adscrito un funcionario de carreira.
01.00.00.04	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	Nova creación. Require irremediamente que se producira a efectiva amortización do posto de traballo 01.00.00.03
01.01. UNIDADE DE REXISTRO E ATENCIÓN AO PÚBLICO												
01.01.00.01.	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA.)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	A amortizar. A efectiva amortización do posto de traballo producirase no momento no que deixe de ter adscrito un funcionario de carreira.
01.01.00.02.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	A. F.
01.01.00.03.	AXENTE NOTIFICADOR	F	A.X. (SUBALTERNO)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERFTIFICADO DE STUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
01.01.00.04.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	Nova creación. Require irremediamente que se producira a efectiva amortización do posto de traballo 01.01.00.01
01.02. UNIDADE DE CENSO E PADRÓN												
01.02.00.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
01.03. UNIDADE DE CONTRATACIÓN E APOIO A SECRETARÍA												
01.03.00.02	AUXILIAR	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO		A.L.	A amortizar.

	ADMINISTRATIVO								E.S.O. OU EQUIVALENTE			A efectiva amortización do posto de traballo producirase no momento no que deixe de ter adscrito un funcionario de carreira.
01.03.00.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	F	A.X. (AUXILIAR.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	A amortizar. A efectiva amortización do posto de traballo producirase no momento no que deixe de ter adscrito un funcionario de carreira.
01.03.00.04	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	A.F.
01.03.00.05	ADMINISTRATIVO	F	A.X (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	Nova creación. Require irremediamente que se producira a efectiva amortización do posto de traballo 01.03.00.02
01.03.00.06	ADMINISTRATIVO	F	A.X (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	Nova creación. Require irremediamente que se producira a efectiva amortización do posto de traballo 01.03.00.03
01.04. UNIDADE DE PERSOAL												
01.04.00.01.	ADMINISTRATIVO	F	A.X.(ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
02. DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ECONÓMICA												
02.01. UNIDADE DE INTERVENCIÓN E CONTROL												
02.01.00.01	INTERVENTOR	F	H.E. (INTERVENCIÓN)	A1	30	36.119,4 €	C	R.N.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		H.E	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN
02.01.00.02	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
02.01.00.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	A amortizar. A efectiva amortización do posto de traballo producirase no momento no que deixe de ter adscrito un funcionario de carreira.
02.01.00.04	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	Nova creación. Require irremediamente que se producira a efectiva amortización do posto de traballo 02.01.00.03
02.02. UNIDADE DE TESOURERÍA												
02.02.00.01	TESOURERIO	F	A.H. (TESOURERÍA)	A1	30	29.434,8 €	C	R.N.	LICENCIATURA, GRAO		H.E.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN

									UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE			
02.02.00.02	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
02.02.00.03	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
02.00.00.01	TÉCNICO DE XESTIÓN E FINANCEIRA RECADACIÓN	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	26	8.500,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO EN ADMINISTRACIÓ N E DIRECCIÓND E EMPRESAS, ECONOMÍA OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03. DEPARTAMENTO DE URBANISMO												
03.01. UNIDADE TÉCNICA												
03.01.00.01	ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS	F	A.E. (TÉCNICA)	A1	29	17.500,0 €	C	U.E.	LICENCIATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANLES E PROTOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.01.00.02	ARQUITECTO TÉCNICO	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	26	8.500,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN ARQUITECTURA TÉCNICA, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.01.00.03	ARQUITECTO TÉCNICO	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	26	8.500,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERSITARIO EN ARQUITECTURA TÉCNICA, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.02. UNIDADE ADMINISTRATIVA												
03.02.00.01	ADMINISTRATIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	A.F.

03.02.00.02	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.02.00.03	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.02.00.04	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	A amortizar. A efectiva amortización do posto de traballo producirase no momento no que deixe de ter adscrito un funcionario de carreira.
03.02.00.05	ADMINISTRATIVO	F	A.X. (ADTVA)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	Nova creación. Require irremediamente que se produzca a efectiva amortización do posto de traballo 03.02.00.04
04. DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE												
04.00.00.01	OFICIAL/XEFE POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	12.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.02	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.03	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.04	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.05	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.06	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.07	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.08	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.09	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.10	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS

04.00.00.11	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.12	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.13	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	TRABALLO A QUENDAS
04.00.00.14	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	20	10.500,0 €	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		D.A.P.	TRABALLO A QUENDAS
05. DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE												
05.00.00.01	TÉCNICO SOCIOEDUCATIVO- COORDINADOR DEPARTAMENTO BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	F/L	A.E. (TÉCNICA)/ SEGUNDO CONVENIO	A2 / EQUIV. A2	26	8.000,0 €	C	U.E.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE NO EIDO DE SOCIOEDUCATIV O OU DE TRABALLO SOCIAL	FORMACIÓN UNIVER. ESPECÍFICA NO EIDO DE TRABALLO SOCIAL OU CIENCIAS DA EDUCACIÓN	A.L.	0
05.01. UNIDADE DE ATENCIÓN PRIMARIA												
05.01.00.01	TRABALLADOR SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN TRABALLO SOCIAL, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.01.00.02	TRABALLADOR SOCIAL	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN TRABALLO SOCIAL, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.01.00.03	TRABALLADOR SOCIAL	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN TRABALLO SOCIAL, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.01.00.04	PEDAGOGO/A	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN TRABALLO		A.L.	0

									SOCIAL, OU EQUIVALENTE			
05.02. UNIDADE DE AXUDA NO FOGAR												
05.02.00.01	TRABALLADOR SOCIAL	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN TRABALLO SOCIAL, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.02.00.02	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	5.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.02.00.03	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	5.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.02.00.04	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	5.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.02.00.05	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	5.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.02.00.06	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	5.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.02.00.07	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	5.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE		A.L.	XORNADA INFERIOR A TEMPO COMPLETO. RETRIBUCIÓNS PROPORCIONAIS
05.03. UNIDADE DE IGUALDADE E ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR												
05.03.00.01.	PSICÓLOGO/A	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN PSICOLOXÍA, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
05.04. UNIDADE ADMINISTRATIVA												
05.04.00.01.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS												
06.01. UNIDADE DE VÍAS, OBRAS E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIAPAIS												

06.01.00.01	RESPONSABLE UNIDADE DE VÍAS E OBRAS	F	A.E.(S.E.)	C2	18	8.000,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.02	OFICIAL ALABANEL	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.03	CHÓFER PALISTA	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.04	CHÓFER PALISTA	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.05	OFICIAL ALABANEL-FONTANEIRO	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.06	OFICIAL MECÁNICO SOLDADOR	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.07	OFICIAL SOLDADOR CALDEREIRO	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.08	OFICIAL ELECTRICISTA	F	A.E.(S.E.)	C2	18	8.000,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.09	OFICIAL DE OBRAS	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.10	OFICIAL DE OBRAS	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.11	OFICIAL DE OBRAS	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.12	CONDUCTOR	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.13	PEÓN DE OBRAS	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.14	PEÓN DE OBRAS	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.01.00.15	PEÓN DE OBRAS	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS		A.L.	0

										PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE			
06.00.00.01	ENCARGADO DE SERVICIOS	F	A.E.(S.E.)	C2	18	8.000,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.02. UNIDADE DE CEMITERIOS													
06.02.00.01	OFICIAL SEPULTUREIRO	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.02.00.02	OFICIAL SEPULTUREIRO	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.03. UNIDADE DE XARDINERÍA													
06.03.00.01	OFICIAL XARDINEIRO	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.03.00.02	PEÓN XARDÍNS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.03.00.03	PEÓN XARDÍNS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.03.00.04	PEÓN XARDÍNS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.03.00.05	PEÓN XARDÍNS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.04. UNIDADE DE LIMPEZA VIARIA													
06.04.00.01	PEÓN LIMPEZA VIARIA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.04.00.02	PEÓN LIMPEZA VIARIA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.04.00.03	PEÓN LIMPEZA VIARIA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.04.00.04	PEÓN LIMPEZA VIARIA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE		A.L.	0

	VIARIA									ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE			
06.04.00.05	PEÓN VIARIA LIMPEZA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.04.00.06	PEÓN VIARIA LIMPEZA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.04.00.07	PEÓN VIARIA LIMPEZA	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.05. UNIDADE DE RECOLLIDA DE LIXO													
06.05.00.01	CHÓFER CONDUCTOR	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.05.00.02	CHÓFER CONDUCTOR	F	A.E.(S.E.)	C2	18	7.500,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.05.00.03	PEÓN RECOLLIDA LIXO	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.05.00.04	PEÓN RECOLLIDA LIXO	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.05.00.05	PEÓN RECOLLIDA LIXO	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.05.00.06	PEÓN RECOLLIDA LIXO	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.06. UNIDADE DE CONSERXERÍA, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS													
06.06.01. SECCIÓN DE LIMPEZA													
06.06.01.01	OFICIAL-ENCARGADO/A LIMPEZA	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. C2	18	8.500,0 €	C	U.E.		GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.06.01.02	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.		CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0

06.06.01.03	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	EQUIVALENTE CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.01.04	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	XORNADA TEMPO PARCIAL. RETRIBUCIÓN PROPORCIONAIS
06.06.01.05	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	XORNADA TEMPO PARCIAL. RETRIBUCIÓN PROPORCIONAIS
06.06.01.06	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.01.07	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.01.08	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.01.09	PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	SEGÚN CONVENIO	EQUIV. A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.02. SECCIÓN DE CONSERXERÍA											
06.06.02.01	RESPONSABLE CONSERXERÍAS	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.02.02	CONSERXE	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.02.03	CONSERXE	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0
06.06.02.04	CONSERXE	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE	A.L.	0

06.06.02.05	CONSERXE	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.06.02.06	CONSERXE	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
06.06.02.07	CONSERXE	F	A.E.(S.E.)	A.P.	14	9.000,0 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
07. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E BIBLIOTECA												
07.01. UNIDADE ADMINISTRATIVA												
07.01.00.01.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C2	18	7.500,0 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	A.F.
07.02. UNIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL												
07.02.00.01	XESTOR ACTIVIDADES CULTURAIS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	E F	A.E.(S.E.)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
07.02.00.02	RESPONSABLE DE MUSEO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
07.02.00.03	ANIMADOR SOCIOCULTURAL	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
07.03. UNIDADE DE BIBLIOTECA												
07.03.00.01	BIBLIOTECARIO/A	F	A.E.(TÉNICA)	A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN, OU EQUIVALENTE		A.L.	0
07.04. UNIDADE DE PROMOCIÓN DEPORTIVA												
07.04.00.01	COORDINADOR DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	F	A.E.(S.E.)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
07.04.00.02	ADMINISTRADOR INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	F	A.E.(S.E.)	C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0

08. DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO												
08.00.00.01	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
08.00.00.02	ORIENTADOR LABORAL	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
08.00.00.03	XESTOR DE TALLERES OCUPACIONAIS	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
09. EMISORA MUNICIPAL												
09.00.00.01	ENCARGADO/A DE REDACCIÓN	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO EN XORNALISMO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
09.00.00.02	REDACTOR/A EMISORA	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO EN XORNALISMO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
09.00.00.03	TÉCNICO DE SON EMISORA	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
SERVIZOS TRANSVERSAIS												
10. SERVIZO DE CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS												
10.00.00.01	TÉCNICO DE CALIDADE	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. A2	26	8.500,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
10.00.00.02	ADMINISTRATIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	A.F.
11. SERVIZO DE ARQUIVO E NOVAS TECNOLOXÍAS												
11.00.00.01	AXUDANTE DE ARQUIVO-ARQUIVEIRO/A	F	A.E.(S.E.)	A2	24	8.000,0 €	C	U.E.	DIPLOMATURA OU GRAO UNIVERISTARIO		A.L.	0

										EN BIBLIOTECONO MÍA E DOCUMENTACIÓ N, OU EQUIVALENTE			
11.00.00.02	AUXILIAR ARQUIVO	DE	L	SEGUNDO CONVENIO	EQUIV. C1	20	7.500,0 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0

Clarificación sobre abreviaturas, indicacións e contidos incorporados:

Tipo: L: Posto reservado a persoal laboral
F: Posto reservado a persoal funcionario

Corpo/Escala ou Categoría: A.X.: Escala de Administración xeral
A.E: Escala de Administración especial
H.E: Escala de Habilitación Estatal
TÉCNICA; Subescala Técnica
ADTVA.: Subescala Administrativa
AUXILIAR: Subescala Auxiliar
SUBALTERNO: Subescala de Subalternos
S.E.: Subescala de Servizos Especiais
SEGUNDO CONVENIO: No caso de persoal laboral, Categoría Profesional segundo Convenio Colectivo de aplicación

(PROV).- Forma de provisión: C: concurso
L: libre designación
S.A.: segunda actividade dos membros da policía local

Reserva nacionalidade: U.E.: Posto que pode ser ocupado por un nacional de calquera estado membro da U.E.
R.N.: Posto reservado a persoas con nacionalidade española.

(ADM).- Adscrición a Administracións Públicas: A.L.: Posto reservado a persoal propio do Concello de Fene.
D.A.P.: Posto aberto a persoal das distintas Administracións Públicas.
H.E.: Posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter estatal

Outras indicacións

C.C. : complemento de carreira

C.P.T. : complemento de posto de traballo

Observacións.- Neste apartado se recollen certas particularidades distintivas e definatorias dos postos

Clarificación da indicación "A.F.": A funcionarizar.- vinculado a futuros procesos de funcionarización

Titulación/formación específica.- Nestes apartados se recollen as titulación e formación específica - no seu caso - requiridos para o desempeño do posto.

TERCEIRO.- Someter a aprobación inicial da modificación da RPT a información pública mediante anuncio no boletín oficial da provincia da Coruña por un prazo de 20 días hábiles, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as reclamacións, suxestións ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, suxestións ou alegacións, a aprobación inicial da modificación da RPT considerarase definitivamente aprobada. En caso contrario, deberán ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións presentadas.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo aos representantes dos traballadores municipais aos efectos de que comuniquen a apertura do trámite de información pública que se fixa neste acordo a todo o colectivo de empregados.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo P. Galego Feal.”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

6. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista para a modificación do Regulamento de organización municipal

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 25.04.2018 por 5 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“Moción do grupo municipal Socialista

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción Urxente para a Modificación do Regulamento de Organización Municipal

ANTECEDENTES

Visto o artigo 91 apartado 4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que regula a presentación das Mocións Urxentes: “4. En las sesiones ordinarias, concluido el examen de los asuntos en el orden del día y antes de pasar al turno de ruegos y preguntas, el Presidente preguntará si algún grupo político desea someter a la consideración del Pleno por razones de urgencia, algún asunto no comprendido en el Orden del Día que acompañaba a la convocatoria y que no tenga cabida en el punto de ruegos y preguntas.

Si así fuere, el Portavoz del grupo proponente justificará la urgencia de la moción y el Pleno votará, acto seguido, sobre la procedencia de su debate. Si el resultado de la votación fuera positivo se seguirá el procedimiento previsto en el artículo 93 y siguientes de este Reglamento.”

Visto a Subsección V.- Das mocións de urxencia, artigo 40 do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Fene. “Moción é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada no Rexistro Xeral por calquera membro da corporación, mediante escrito dirixido ao presidente e no que se motive debidamente a urxencia, suscrito polo voceiro/a do Grupo, ata as trece horas do día anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo casos de forza maior no que se permitirá a presentación no inicio do Pleno.”

Entendendo o artigo 40 do ROM está en evidente contradición co establecido no artigo 91 apartado 4 do Real Decreto 2568/1986.

Entendendo tamén que é de imposible aplicación ao limitar os dereitos dos membros da corporación recollidos no ROF e a maior abundamento está a producir distorsións no funcionamento habitual dos Plenos do Concello de Fene.

Por todo isto propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Fene:

- 1) Se aprobe iniciar os trámites para que se aprobe a substitución do artigo 40 do Regulamento de organización municipal do Concello de Fene segundo o seguinte:

Subsección V.- Das mocións de urxencia, artigo 40 do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Fene. "Moción urxente é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada por calquera grupo político, no que se motive debidamente a urxencia, presentado polo voceiro/a do Grupo Municipal que impulse a iniciativa.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes do punto de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o Voceiro do grupo propoñente xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Si o resultado da votación fose positivo seguirase o procedemento previsto no artigo 34 e seguintes do presente regulamento e no artigo 93 e seguintes do Real Decreto 2568/1986."

Fene a 5 de abril de 2018
Voceiro Grupo Municipal Socialista
Antón Lois Noceda Carballo"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a moción pretende facer unha modificación do ROM para que as mocións urxentes que veñan ao Pleno non teñan a condición de que teñan que ser presentadas antes das 13.00 h do día anterior ao Pleno ordinario. Entende que é unha prevención esaxerada, en tanto en canto que a urxencia das mocións que se presentan xa vén limitada pola necesidade, por un lado, da maioría absoluta do Pleno para a súa viabilidade e debate e, por outra parte, pola necesidade daquelas outras que precisan informe de intervención ou xurídico previo. Por tanto, entende que a regulamentación que agora existe só entorpece, quitándolle dinamismo á vida municipal, a axilidade dos plenos, que xa ten o freo da maioría absoluta. Aínda que esta moción presentouse o 5 do mes pasado non se debateu por urxencia no Pleno pasado. Na Comisión deste mes presentáronse as mocións presentadas para este Pleno por urxencia debido a un erro na convocatoria, pero tamén viñeron sen informar. Por iso, ante a posibilidade de entrar ao seu debate coas garantías xurídicas, xa na Comisión emendouse a proposta para que en vez de aprobar o cambio, se aprobase o inicio do procedemento para o cambio do Regulamento, e así poder debater a moción no vindeiro Pleno, que xa para entón levará dous meses presentada e que entende non debería ter problema para que estivese informada daquela. A súa proposta redúcese ao disposto no ditame da Comisión Informativa.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que para o seu grupo o Regulamento de organización municipal válelle como está e tamén lle vale coas propostas que hoxe se fan. Chámalle a atención porque no tempo que leva como concelleiro neste Concello sempre houbo un acordo de todos os grupos para non abusar das mocións urxentes. Tamén ve que quen fixo este Regulamento é a mesma persoa que hoxe propón o seu cambio. Agora preténdese facer un cambio e o seu grupo non terá ningún problema en facelo, porque lle vale como esta e tamén como se quere modificar. Por iso o seu grupo avanza que se vai abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará en contra desta moción. Como dixo o voceiro do grupo municipal do BNG, hai un acordo tácito de todos os grupos municipais para só presentar mocións que sexan urxentes. No momento que se incorporou ao Concello como concelleira se lle dixo que aquelas mocións que viñan ao Pleno como urxencia eran só as de contido urxente. Nunca houbo problemas neste sentido ata que dende hai pouco, o partido Socialista, sobre todo, trae mocións urxentes ao Pleno que, ben as presenta no mesmo momento ou ben fóra de prazo. Trátase de mocións que moitas veces non teñen tal urxencia como para seren debatidas con tal carácter e que impiden o seu

estudo ou consulta con ninguén. Para ela, isto é unha vía libre para poder presentar, en calquera momento, unha moción, mocions enlatadas, que por certo, todos os grupos políticos teñen e non presentan porque realmente non son urxentes. Anuncia que votará en contra e supón que logo do cambio de goberno, o actual alcalde non lle porá ningún problema ao grupo municipal Socialista respecto de ningunha moción.

De seguido intervén o alcalde que lle dá as grazas á voceira do grupo Mixto municipal por interpretar o seu pensamento.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o voceiro do grupo municipal do BNG dixo que cando el chegou aquí no 2011 xa había o costume de falar antes das sesións dos Plenos respecto das mocions urxentes e que se introducían na orde do día de común acordo. Di que algúns dos actuais concelleiros levan dende 2007 e iso é verdade, pero foi vostede, polo concelleiro Juventino José Trigo Rey, quen se cargou todos os acordos que existían entre todos os grupos políticos, vetando a posibilidade de presentar mocions de interese para o Concello, e non desas enlatadas das que dixo antes a voceira do grupo Mixto municipal, que non é que non interesen, pero que, por desgraza, nin este nin os demais Concellos teñen competencia para tratalas, xa que son asuntos do Parlamento de Galicia ou do Estado español. Di que é certo que a voceira do grupo Mixto municipal non é moi dada a presentar estas mocions, pero se se revisan os anos 2011 a 2015, tanto o voceiro do grupo municipal do BNG como o Socialista e os seus grupos, encheron os Plenos de mocions enlatadas. Lémbrale ao voceiro do grupo municipal do BNG que o pacto non escrito o rompeu el cando estivo no goberno, por iso a frase da oposición cando dicían que menos mal que eran 5, porque se chegan a ser 9 non lles deixan nin falar. Dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que neste caso si que é para traer un tema do ámbito municipal e lémbrale que non se deben usar as urxencias para traer ao Pleno os orzamentos, como pretendeu no ano 2016. Iso non é o xeito de presentalos, xa que merecen un punto específico nun Pleno ordinario ou un punto exclusivo nun extraordinario, pero nunca unha moción urxente.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que esta medida vai posibilitar maior transparencia no Concello, maior democracia e maior posibilidades de transparencia a todos os grupos municipais, sabendo que isto non é barra libre para ningún grupo. Non é demagogia porque o único que se quita é o requisito da antelación, pero segue a haber requisitos dunha maioría absoluta do Pleno para poder introducir a moción na orde do día, é dicir, segue a haber ferramentas suficientes para que se se dá o caso de abuso de mocions que non teñen transcendencia, poder paralas no propio Pleno. Pensa que este tipo de argumentos para votar en contra só serven para xustificar o inxustificable. Por outra banda dille ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que el, como concelleiro de Persoal hai bastante tempo, foi quen propuxo este Regulamento de organización municipal que xa vai para 10 anos e entende que as normas están vivas e hainas que ir adaptándoas. A norma pode valer, pero unha vez que se detecta que esta a xerar casos problemáticos é obriga do lexislador promover que se corrixan. Quen legisla, neste caso é o Pleno e a iniciativa pode corresponderlle a calquera dos grupos municipais, e o seu partido asume esta responsabilidade. Non obstante, xa que sacou o tema vai dicir por que trae esta iniciativa, xa que esta prerrogativa nunca tivo ningún problema, así pasaron os dous anos do goberno de Iván Puentes, pasaron os catro anos do goberno de Gumersindo Galego e, logo dun ano desta lexislatura, o goberno de Juventino Trigo decidiu quedar só no goberno. A partir disto, decidiu utilizar esta prerrogativa que lle permite ao alcalde impoñerse á maioría que hai no Pleno e paralizar cantos asuntos urxentes considerase, sen ter que dar ningunha explicación. Por tanto, isto nace do incumprimento do pasado alcalde dun pacto tácito para que, a pesar das prevencións do regulamento, darlle flexibilidade ao Pleno municipal. Tamén é certo que algunha das mocions que se trouxeron por urxentes foron das comunmente consideradas enlatadas, das que envían os partidos políticos de referencia, pero foron temas de tan pouca transcendencia para a cidadanía como foi apoiar aos traballadores da xustiza para que puideran resolver o conflito que teñen coa administración autonómica, ou como foi as mocions para que o Concello de Fene apoiara, dende un principio, que os maiores tivesen unhas pensións xustas, que grazas ao exalcalde e a súa prerrogativa, entrou un mes máis tarde que o resto dos concellos que apoiaron esta causa. Xunto con estas, tamén houbo cuestións que si eran urxentes e de ámbito municipal, como aquela que, logo de case dous anos parados, se comezase a adoptar as medidas necesarias para poñer solución aos vertidos en Limodre cada vez que había chuvias fortes ou para retomar, dunha vez, que a depuradora vella de Maniños, unha vez baleirada, se derrube para poder recuperar ese espazo público. Para o seu grupo hai algunhas mocions enlatadas que si tratan temas transcendentales, como son as pensións e os problemas dos traballadores da xustiza. Tamén son importantes e urxentes os vertidos da zona de Limodre e a depuradora, xa baleira, pendente de recuperar o seu contorno

tamén é unha cuestión urxente, sobre todo cando leva tanto tempo paralizado pola súa acción de goberno. Por tanto, non ten ningún problema en ter o protagonismo da proposta de modificación deste ROM porque fose unha proposta, no seu momento, súa, nin tampouco por facelo agora, logo de ver que as circunstancias, obxectivamente, están provocando dificultades no funcionamento do Pleno municipal, para que, se non se pode funcionar co consenso anterior, que se faga pola maioría do Pleno, que é o órgano soberano do Concello e non o alcalde, como se lle esqueceu as veces durante o seu mandato.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que aínda que non tiña ningún interese en debater este tema, porque xa dixo que ao seu grupo lle daba igual seguir con esta ou a anterior regulamentación, ve que a demagogia segue primando moito por parte do voceiro do grupo municipal Socialista. Alégrase moito que por unha vez se lembre dos pensionistas, da xustiza ou da depuradora de Maniños pero de todo iso non se lembrou vostede ata seis horas antes do Pleno, cando as pensións levan así moitos anos ou a xustiza, que xa levaba tres meses de folga. Dille que con tal de que se acordase 24 h antes xa sería suficiente, vostede que tanto defende o rogo, pero cando llo aplican non lle vale, porque só lle vale o rogo cando lle favorece. Non quere facer réplica porque este non é o debate, aquí están para resolver problemas, pero dille á voceira do grupo municipal do PP, que cando se traen ao Pleno 5 ou 6 mocións, moitas deste estilo, se hai un Regulamento que todos os grupos o deben aplicar, débese aplicar, e non só cando lle favorece a un ou a outro. Reitera que ao seu grupo dálle igual que se modifique ou non o Regulamento e por iso reitera a súa abstención.

De seguido intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que non interpreta pensamentos, interpreta feitos, que son os que ve aquí. Respecto das mocións enlatadas, preguntalle ao voceiro do grupo municipal Socialista quen asina sempre as reformas laborais?. Contéstalle que a pelota esta sempre entre os socialistas e o partido Popular. EU trouxo unha moción sobre apoio aos maiores, que pensa que votaron todos a favor, ou sobre o apoio á xustiza que tamén se votou a favor, así mocións urxentes para presentar no mesmo momento do Pleno ou unhas horas antes non presentou ningunha. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista que falou de paralizacións de mocións por parte do alcalde do BNG e ponlle un exemplo, así lembrará aquel Pleno bastante ben organizado polos veciños do Concello que fixeron unha cacerolada. Aquel día houbo que facer un receso e para poderse escoitar uns aos outros, tiveron que subir á alcaldía, para poder falar dos temas da orde do día. Ese mesmo día o grupo municipal Socialista estivo de acordo en que se presentase unha moción urxente, precisamente o día no que non se escoitaba nada. Aquel día debía imperar o sentido común e, o sentido común dicía que unha moción de apoio aos pensionistas, á xustiza ou outra semellante, non era urxente como para presentar horas antes ou no mesmo momento daquel Pleno. Parécelle moi ben que diga que é a maioría do Pleno quen decide pero, dende que votaron ao partido Socialista do goberno, xa se ve quen é a maioría do Pleno, os dous partidos que están no goberno e o seu grupo, que esta no goberno na sombra. Por iso dille que cando as mocións sexan urxentes de verdade, cando estean xustificadas, as votará a favor e cando non o sexan, xa teñen vostedes maioría, para iso son goberno.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que non sabe que hai en contra en que a maioría do Pleno, que son os que representan aos veciños e veciñas que logo cada catro anos escollen aos seus representantes, en democracia poidan decidir a inclusión ou non na orde do día dun determinado debate que, por certo, neste caso ata é de interese para o bo funcionamento do Concello, pois é a modificación do Regulamento orgánico. Alégrase de que a voceira do grupo Mixto municipal lembrese aquel Pleno no que o partido Popular presentou unha moción de urxencia, así os tres concelleiros do seu grupo que levan dende o 2007 non pecan de presentar mocións. Aquela moción urxente era para que o goberno municipal crease unha Comisión de investigación polo tema da venda da chatarra e, o entón alcalde, vetou a creación daquela Comisión, por iso houbo que presentar a moción para ser tratada nun Pleno ordinario e non a apoiaron. Logo diso, tardouse un ano en crear esta Comisión de investigación. Ese foi o motivo de presentar aquela moción urxente, logo de ver que o goberno non daba as debidas explicacións e o alcalde, baseándose neste artigo, legalmente, vetou aquela moción. Non obstante, o seu grupo pensa que é mellor a participación dos distintos membros da Corporación e que as mocións se poidan admitir ou non. O que non é de recibo é traer como moción urxente ao Pleno municipal os orzamentos municipais, cando é o documento máis importante do funcionamento dun Concello.

De seguido intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que aquel día non se vetou a creación dunha Comisión, vetouse a presentación dunha moción.

Díxoselles que a presentaran por rexistro ao día seguinte e pregunta se aquel día era como para presentar unha moción por urxencia?.

Contéstalle a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que si, xa que os traballadores estaban a pasar polo cuartel da Garda Civil.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que entón sería como para debatela na alcaldía en lugar de debatela no Salón de Plenos, para que a puideran escoitar todos os que estaban no Pleno, pois aquel día houbo que ir á alcaldía a debater os puntos da orde do día.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que isto é unha cuestión moi sinxela, que se chama democracia, que se chama ter máis ou menos democracia. Haberá a quen lle pareza xusto que as mocións urxentes ou calquera outro tema poida decidilo un ou dezasete, pero el sempre entendeu que a democracia é ao revés. A moción que se presenta hoxe é para traer máis democracia a esta institución. Cando a voceira do grupo Mixto municipal falou de que é certo que hai veces que o grupo municipal Socialista lembrouse dos pensionistas ou da xustiza, igual horas antes do Pleno, pero o grupo Mixto municipal non se lembrou nunca deles, nin do xurro nunha rúa de Limodre ou da depuradora, só se lembrou de anunciar algunha cousa nos xornais ,pero nunca lembrou facer nada máis, como tampouco se lembrou de modificar cousas tan importantes como a ordenanza que regula as emerxencias sociais que afectan ás persoas que están na situación máis precaria do Concello. O que lle pode pasar é que o que non traballa está a mirar sempre para o que traballa, para ver se fai menos, así pregúntalle ao voceiro do grupo municipal do BNG se sabe cantas mocións trouxo o seu grupo?, ou cantas trouxo o grupo municipal Socialista?, porque igual ata as multiplican por dez.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dille á voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, respecto do tema da chatarra que sacou hoxe aquí, que o PP presentou neste Concello unha solicitude para a convocatoria dun Pleno e unha vez convocado presentou outro escrito solicitando que ese Pleno se anulase, como así se fixo, tamén solicitou unha Comisión e así se fixo.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que contesta ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que ten tanta preocupación polas mocións, como o resto dos grupos. Di que lle entregaron unha moción que se estaba a presentar en toda Galicia polo tema das custodias compartidas que á súa vez lla entregou a todos os voceiros dos grupos políticos polo mes de maio ou xuño. Cansouse de preguntar nas Comisións ás que asistiu e nas Xuntas de Voceiros para ver se a tiñan estudado e, ata o día de hoxe, ninguén lle contestou sobre dela, polo que chamou á xente que lla achegaron e díxolles que os grupos da oposición non tiñan interese, xa que ninguén lle contestou nada. Respecto da moción do PP, di que efectivamente era unha moción para pedir a convocatoria dun Pleno, que foi convocado e logo de estar convocado pediron anulalo e a creación dunha Comisión de Investigación. Di que o PP esta acostumado a mentir, a contar que teñen máis do que teñen e logo pasa o que pasa, todo se pega.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que lle di ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que respecto da convocatoria do Pleno, a súa retirada e logo a creación da Comisión ten razón, pero iso non exime que primeiramente, o día do que se falou, se presentase aquela moción de urxencia, aos cinco días de abrirse a investigación. Dille que conta as cousas pero non cronoloxicamente. A moción urxente presentouse de viva voz o día da cacerolada e o daquela alcalde, legalmente, porque o Regulamento llo permitía, ata que se faga a modificación que é a que se trae hoxe aquí, vetou o seu debate e como non convocou aquela Comisión foi cando presentaron a solicitude de Pleno. Non obstante, este é un debate superfluo. Parécelle moi ben que se traian aquí as cousas que pasan noutros lados, pero pensa que se deberían preocupar máis nas cousas que lle afectan aos veciños.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que fixo esta alusión porque hai pouco o alcalde dixo nunha Comisión que estaba ben orgulloso da mochila que tiñan do partido Popular e esa é a mochila do seu partido.

De seguido intervén o alcalde que di que se está a falar dunha moción para cambiar o Regulamento orgánico deste Concello. Dille á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que como ben dixo antes leulle os pensamentos, porque el, aínda que non se faga esta modificación non ten pensado vetar ningunha moción neste Pleno, como tampouco o fixo nos anteriores catro anos que estivo como alcalde, cousa que sabe. Tamén sabe que o seu grupo nunca abusou das mocións e é o grupo que menos mocións presenta. Por tanto, se hoxe hai que traer esta reforma ao Pleno é pola actitude que o anterior goberno tivo durante dous anos, tratando de entorpecer calquera ápice de democracia e de presentación de mocións que puidera haber neste Concello. Por iso, aínda que dá a súa palabra aquí de que non se vai vetar ou que non vai facer uso das facultades que lle dá a Lei para vetar as mocións, parécelle ben que quede por escrito, para que, se é o caso de que o anterior goberno volve outro día gobernar, teña isto para cumprilo, xa que nunca tiveron vontade de cumprilo como si o tivo o seu goberno. Así este ano que lle queda no goberno tamén o vai facer así. Por iso quere deixar isto por escrito, para evitar que cando veña o goberno anterior ou xente semellante outra vez, se evite facer uso destas prerrogativas, case que decimonómicas, que ten a lexislación vixente. Esta moción vén para isto, para ter máis democracia e para que os temas se traian aquí e non ao xulgado, que xa se ve como lle vai.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), 4 abstencións do grupo municipal do BNG e 1 voto en contra do grupo Mixto.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1) Se aprobe iniciar os trámites para que se aprobe a substitución do artigo 40 do Regulamento de organización municipal do Concello de Fene segundo o seguinte:

Subsección V.- Das mocións de urxencia, artigo 40 do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Fene. "Moción urxente é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada por calquera grupo político, no que se motive debidamente a urxencia, presentado polo voceiro/a do Grupo Municipal que impulse a iniciativa.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes do punto de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o Voceiro do grupo propoñente xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Si o resultado da votación fose positivo seguirase o procedemento previsto no artigo 34 e seguintes do presente regulamento e no artigo 93 e seguintes do Real Decreto 2568/1986."

7. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha

8. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Neste mes, este é o segundo Pleno que hai, o primeiro foi para poñerse soldos e para pagar os favores que había que pagar. Iso foi o urxente. Como é o primeiro Pleno ordinario non vai incidir moito nisto pero comproba que tampouco vén ningún asunto.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que o primeiro Pleno que se fixo foi un Pleno organizativo, igual que fixo o actual voceiro do grupo municipal do BNG cando tomou posesión como alcalde para asignar o seu soldo e os dos seus compañeiros, organizar as comisións e a Xunta de Goberno Local para que o Concello poida funcionar. Por iso a lei prevé a realización dun Pleno organizativo cando hai un cambio de alcalde e por iso este é o primeiro Pleno ordinario. Respecto de que non se trae nada di que hoxe tróuxose

unha modificación da RPT, que aínda que non se explicase, vén motivada porque o actual goberno de Fene vai sacar unha praza de Policía Local, segundo a oferta pública do 2017, que foi presentada o último día do ano anterior e da que dende o un de xaneiro ata o seis de abril non se moveu absolutamente nada. Para poder sacar as bases e poder cubrir a praza por mobilidade foi necesario facer unha modificación da RPT, que no caso dos Policías só poden ser ocupados por cidadáns españois e non da Unión Europea.

- A que obedecen as revogacións das comisións de servizos dos Policías Locais?. Existen informes xurídicos que as avalen?. Quere pensar que isto non obedece a ningún outro motivo que teña que ver co estritamente profesional.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que o anterior goberno sabe, e o seu partido sempre dixo, que a Policía Local é tan importante como pode ser o servizo da recollida do lixo, os servizos sociais ou os servizos urbanísticos. Nestes tres últimos anos, a pouca xestión que se viviu foi como a dun polo sen cabeza. Aquí había unha xefatura de policía á que se lle presionou para pasar a unha segunda actividade. Agora mesmo estase sen xefe de policía e sen efectivos, para o que non se fixo absolutamente nada. Dille que o goberno actual non persegue a ninguén, menos a ningún traballador por ningunha circunstancia. Di que o anterior goberno fixo unha comisión de servizos feita a un policía oficial que ocupaba unha praza de axente. Isto foi informado desfavorablemente pola Xunta de Galicia e así o dixo o seu partido cando estaba na oposición, cando lle dicía ao entón alcalde que cumprise coa legalidade. Este axente, contra o que non hai nada persoal, ocupa unha praza que non lle corresponde, pero se o anterior alcalde fixese ben as cousas, como lle dixeron dende o seu grupo, que trouxera as modificacións da RPT, que trouxera a praza da xefatura de policía, que fixera a correspondente modificación orzamentaria e que non amortizara ningunha praza, contaría cos sete votos do seu partido, votos que foron ofrecidos moitas veces, que xunto aos catro ou cinco deles lles tería chegado para facer isto. O que se fixo con estas revogacións foi cumprir a legalidade. O anterior goberno sacou unha oferta pública dunha praza de policía, porque necesitan efectivos e, automaticamente sen convocala deixan marchar a un axente para Coruña. Isto non ten sentido ningún, cando aínda se necesitan máis.

A continuación intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, para dicir que queda pendente contestar se había algún informe xurídico municipal que avale as revogacións. Pregúntao porque esa comisión de servizos contaba con todos os informes favorables, aínda que ao actual goberno lle pareza que non, por iso pregunta se hai novos informes xurídicos que digan o contrario.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que, como sabe, para unha comisión de servizos non é necesario porque se trata dunha discrecionalidade do goberno. Tamén sabe que o verdadeiro contido é o que dixo a Dirección Xeral. Pódese consultar as actas pasadas para ver que o seu goberno non se contradí.

- Por que non se iniciaron os rebacheos que había pactados polo anterior goberno?. Roga que se inicien canto antes o que xa había contratado.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que este plan aprobouse o cinco de abril e o seis houbo un cambio de goberno. Respecto do plan di que o cinco de abril, o anterior alcalde, fixo unha modificación de crédito "expres" o xoves, contratou a esta empresa e ata aí pode ler. Menos mal que chamaron aos seus compañeiros para encontrar á empresa, xa que non aparecía no seu domicilio social. A empresa non tiña présa ningunha en comezar, manifesta que o seu goberno non lle deu nin présa nin ningún prazo para a súa execución.

A continuación intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di respecto dos proxectos, que espera que este goberno siga utilizando a mesma fórmula que o anterior goberno, é dicir, ter informe dos técnicos que avalen os traballos que se fan.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que non existe ningún informe técnico, dille que o goberno anterior non deixou ningún. O que hai é un informe de si son vías públicas ou privadas, pero iso non é ningún informe técnico. Di que pensa que os informes técnicos informan dos requisitos, dos parámetros ou da normativa.

Seguidamente intervén o alcalde que di que o que hai neste expediente non é un informe técnico, é un documento que dá fe de que os camiños son propiedade municipal. Dille que o proxecto é do

anterior goberno, que non fixeron nada a este respecto e que están a traballar co seu proxecto. Como dixo a concelleira o expediente ten unha modificación de crédito asinada o día anterior á moción de censura e os papeis cantan, por iso dille que pode estar tranquilo que van seguir co expediente adiante.

- Xa hai unha data prevista para a reunión que había solicitada polo deputado provincial de obras da Deputación cos veciños de Barallobre e co Concello?. A reunión ten como obxecto estudar a seguridade viaria e outras obras xa comprometidas.

Contéstalle o alcalde que o luns seguinte logo do seis de abril falaron o alcalde saínte máis el. Ese días informoulle que quedaban dúas reunións pendentes, unha era a dos veciños de Santa Ana coa Demarcación de Estradas e outra, a reunión co deputado provincial de Obras polo tema de Barallobre. Ese mesmo venres xa o recibiron na Demarcación de Estradas e o respecto da Deputación esta pendente. Ten previsto acudir o oito á Deputación para asinar a Rede Cultural e é moi posible que ese día se fixe a data.

- Que problema houbo coa contratación do persoal do Concello, concretamente dun conserxe, que contou con informes desfavorables?. Isto vai ser a norma así ou houbo algún problema que o xustifique.

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que este goberno chegou aquí o nove de abril e resulta que o anterior goberno lle concedeu permiso a un conserxe para disfrutar de días de asuntos propios sen cubrir a praza. Como había un colexio que quedaba sen conserxe tirouse da lista de conserxes que vostedes fixeron. Os prazos son os que son e fala do martes, así o informe desfavorable é no sentido de que non queda acreditada a cobertura. O conserxe tiña os días concedidos e non se lle ían revogar. Isto foi o que se fixo, cubrir a praza usando a lista que o anterior goberno fixo.

- Di que os orzamentos contan, froito do aforro da xestión ben feita, cunha serie de remanentes que poden servir para dispoñer de cartos suficientes para facer determinadas obras. Entre os proxectos que se fixeron para o POS 2018 pódese lembrar a cuberta da pista, que logo de moitos anos acadou un proxecto. Isto conseguiuse acordalo entre os grupos para o POS 2018, pero cos motivos que todos saben non daba para ese importe e todos acordaron o que agora roga, que se mantexa o acordo para facer esta obra, que se fagan os trámites que haxa que facer para a súa execución canto antes.

Contéstalle o alcalde que xa que tanto lembra, tamén lembrará que a proposta de suplementar os cartos para esa cuberta foi petición del. Entón, como é que roga que se cumpran os acordos?. Os acordos vanse cumprir. Dille que o que non cumpriu os acordos cos veciños foi el cando deixou obras do ano 2016 e 2017 sen facer.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se axilice o máximo posible o Plan de rebacheos, pois as pistas presentan unha situación preocupante. Respecto deste Plan antes non se deu ningunha información sobre as zonas na que se ía actuar, por iso quere preguntar por algunhas zonas por se non están incluídas para rogarlle que se incluían, concretamente o camiño da Visura e o camiño de Piñeiro en Maniños. Tamén roga que se inclúa o peirao de Maniños.

Contéstalle o alcalde que se lle facilitará unha copia de todo o que hai para que o poida examinar, no que se relacionan os rebacheos que se van facer. Di que dende a posición na que esta dálle medo ver os rebacheos, pois non hai máis que ver os rebacheos que se fixeron o ano pasado, non obstante, engade que van confiar na empresa e ver se hai sorte.

- Respecto da obra do camiño de Buios, veu que xa se licitou hai uns meses pero non sabe en que estado esta actualmente.

Contéstalle o alcalde que sabe que si que se fixo algo, esta semana enviouse algo á Xunta de Galicia, pero para informarlle máis detalladamente prefere ver o expediente.

- Roga que se faga un mantemento nos bancos de San Valentín.
- Roga que se faga o mantemento do paseo de San Valentín, como xa dixo na Comisión, xa que entende que hai zonas nas que as madeiras están nunha situación perigosa.
- Sabe que hai un proxecto para a pista polideportiva de San Valentín con cargo aos plans provinciais que mellorará a instalación, pero hai unhas zonas do cerramento, concretamente tralas porterías que esta moi deteriorado e como a obra vaise demorar un tempo, roga que se faga un mantemento mínimo ata que se fagan as obras.
- Unha desas mocións, que se cualificaron antes como intranscendentes, que no seu momento decaeu porque se fixo antes da moción de censura. Tratábase da comparecencia da concelleira por uns feitos que consideraban graves. A moción decaeu no sentido de que a obriga de comparecer é para quen ostenta responsabilidades e é evidente que aquela concelleira xa non o fai. En todo caso os feitos foron que na semana da moción de censura houbo un acto privado neste salón de Plenos, un acto do partido que gobernaba, do BNG, acto para o que non consta no rexistro ningunha solicitude de permiso e, incluso durante o acto houbo funcionarios municipais presentes, realizando labores de apoio ao acto, concretamente da xestión da entrada no salón. Entende que son feitos graves que non se poden consentir, entende que non pode esixir esas explicación, pero tamén entende que sería oportuno e bo para a Corporación que a responsable, cando suceden estes feitos, dea algunha explicación no órgano do Concello que considere pertinente.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Aínda que o novo goberno non leva un mes quere facer unhas preguntas e rogos, que no caso de non podelas contestar agora, rogaría que llas contestasen na vindeira Comisión.
- Respecto dos talleres nutricionais que se van desenvolver nos centros educativos de infantil e primaria, que xa comezaron a facerse no 2016, soubo que se ían levar a cabo en 6º de primaria. Cando a iniciativa xurdiu e el era concelleiro da Área responsable, e entendeuse que era mellor aplicala dende 1º de primaria, onde os nenos pequenos poden a acadar os mellores hábitos e influír nas súas familias. Que motivos pedagóxicos houbo para que a actividade se dirixa aos nenos de 6º en vez de 1º de primaria?, que comisión de expertos se reuniu para facer o cambio?, foi a iniciativa dos directores dos centros públicos e privados dos centros escolares de Fene?. A empresa B6 Consultores a que vai seguir ao fronte destes talleres?

Contéstalle o alcalde que neste momento o ignora. Ao mellor llo podería dicir a anterior concelleira de Educación.

- Roga que se retome o tema da Fundación Indaga. É o instituto galego de TDH e estudos asociados que en setembro de 2016, un mes despois de que o exalcalde Juventino Trigo apartara ao PSOE do goberno, tiñan con esta Fundación un compromiso para establecer uns talleres, dous días por semana, para atender a aquelas familias que tiñan fillos ou fillas afectados polo TDH ou trastornos de mobilidade ou conduta. Daquela o goberno non considerou axeitado seguir con esta idea. Sabe que houbo conversas pero o certo é que dende o 2016 xa se incorporaron a estes talleres o Concello de Ferrol e Narón. Por iso roga que se retome esta iniciativa, se poñan en contacto co presidente, o prestixioso Ángel Carracedo Vázquez, para ver se son quen de traer estes talleres para Fene.

- Roga que se lle poña data á convocatoria do Consello Escolar Municipal.

Contéstalle o alcalde que xa se esta a falar cos colexios. O único que hai que facer é renovar o nomeamentos que fixeron os grupos políticos e o resto será fixar o día. Díxolle á concelleira que pulsara a idea dos directores dos colexios porque, polo menos o último ano que gobernou, lle dixeran que preferían deixar acabar os exames para facer a convocatoria, pero este ano semella que non, que queren convocalo antes, quizais a principios ou mediados do mes que vén. Non obstante, dílle que se esta a pulsar un pouco a opinión de todos.

- Agora que xa rematou a inscrición dos alumnos menores de tres anos aos centros de Fene se hai datos para saber se é preciso facer unha petición para que a Consellería lle conceda un aumento de

unidade educativa aos centros. O di porque logo os centros educativos vense sos diante das institucións educativas e moitas veces son rexeitadas.

- Que labor vai levar a cabo a asociación Aseduc no Concello de Fene dentro do programa de Drogodependencias e condutas aditivas?. Di que o programa comezou no 2016 cando se conseguiu que viñesen de balde, logo dun estudo nos boletíns e diarios oficiais daquelas entidades que desenvolvían programas de balde. Na Comisión entendeu que agora ían cobrar polo que roga que se retome este tema, xa que se se poden traer entidades de prestixio e de balde pódese evitar gastar cartos.

Contéstalle a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, que este ano vai facer distintas actividades co Concello. Informáronlle que a subvención de Sanidade ten un importe de 45.942 euros.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que o Concello de Fene, en convenio con Neda e Mugar dos, fixo un proxecto de prevención de drogodependencias e sustancias aditivas por importe de 48900 euros aproximadamente, do que a Consellería de Sanidade subvenciona o 95%.

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, contéstalle que se quere lle pode pasar o informe das actividades que fará esta entidade e adiántalle, entre outros, os programas que van desenvolver, Intervencións participativas en aulas, Expertos en TIC's e redes sociais e outros.

Contéstalle o alcalde que a pretensión é tamén aumentar sobre 50.000 euros máis o servizo de axuda no fogar, a ver se se dá chegado.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Saben que se puxeron algúns bancos nas pistas de tenis da entidade do casino de Perlío. Quere saber se os puxo o Concello e se é así, se hai algún convenio coa entidade?.

Contéstalle o alcalde que os bancos que se levaron ao casino os pediu o Círculo de Perlío porque se ía celebrar o trofeo de tenis do Gadis no Concello. Pediron os bancos porque ían vir un montón de nenos e pais. Como o seu goberno sempre colabora con todas as asociacións e sociedades, cousa que o anterior goberno sempre escatimou, leváronlle os dous bancos.

- O proxecto da cuberta da pista de Centieiras quedou feito e quere saber porque non se trouxo a este Pleno a modificación de crédito?.

Contéstalle o alcalde que non hai cousa peor que a demagogia. Pensa que xa lle aclarou bastante cando dixo que na negociación dos proxectos do POS, quen fixo esa suxestión foi el, o que foi aceptado por todos os grupos. Faltaría máis que quen fixo a suxestión agora non o faga. O que si é curioso é que o proxecto esta aprobado dende o mes de decembro do 2017 e dende aquela non se fixo nada. Por iso devolve a pregunta, que fixo o anterior goberno ao respecto?. O actual goberno incorporou o remanente de tesourería do que se falou e logo fará as modificacións de crédito necesarias e licitarase o proxecto, como ten que ser, porque non ten outra historia. O que si lle chama a atención é que agora veña esixindo tanta premura e non lla esixira a quen gobernaba antes con vostede, así cita o PAI 2016, a Ampliación das beirarrúas do Ameneiral, o remate de formigón da escola unitaria de Magalofes e o inicio de acceso a Vilar de Colo esta pendente; a Reposición e saneamento do camiño do Sartego, pendente; o Reforzo de firme na rúa Alta de Perlío, pendente; a Eliminación de verteduras de augas residuais en San Valentín, pendente; o Saneamento de augas fecais por gravidade no Feal e en Magalofes, pendente; no Regueiro e Sillobre, pendente; a Eliminación de verteduras de augas fecais no Carril e instalación de illas ecolóxicas, pendente; o reforzo de firme con regos asfálticos no camiño de Mundín, rúa Unión, camiño de Lourenzán, pendente; a Mellora do camiño nas Chancas, pendente; a Protección da marxe do río Cádavo, pendente; o Proxecto construtivo da reforzo do firma da rúa Hortelá, POS 2018, pendente; o Reforzo da rúa Xunqueira e Marqués de Figueroa, pendente; a Pavimentación da dotación de servizos do abastecemento e saneamento das rúas Coto e Penela de Limodre, pendente; a Renovación das tubaxes da auga no cruce das Pías e Marqués de Figueroa, pendente; a Reforma da pista de San Valentín, pendente; a Reurbanización dos bloques 1 e 5 de San Valentín e reforzo do firme na avda.

da Cooperación, pendente; a Mellora dos parques infantís na Xunqueira, no río Cádavo, Peirao e Barallobre, pendente; PEIM 2017 e 2018, Adecuación e mellora do camiño de Buio, pendente; Mellora dos camiños municipais de Buio-A Rañoa, pendente. Dille que lle parece moi ben que se preocupen pola pista de Centieiras, pero pídelle que se preocupe tamén por todos os veciños que teñen todo isto tamén pendente, do que non se preocupou.

A continuación intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere contestarlle.

De seguido intervén o alcalde que di que el ten a palabra para contestarlle as súas preguntas. Dille, como dicía o anterior alcalde, que isto é rogos e preguntas e aquí non se trata de estar conversando.

- Dille ao alcalde que presentou a moción de censura alegando que non había traballo, cando esta semana escoitou a tres dos seus concelleiros nunha Comisión dicir que ata o momento non se fixera nada, que se estaba a continuar co traballo feito polo anterior goberno. Di que os concelleiros foron o señor Rodríguez, a señora Bértoa e o vicevoceiro de PDDdeG, que incluso invitou á anterior concelleira a explicar un proxecto. O di porque o alcalde acaba de dicir que o actual goberno estaba a traballar co do goberno anterior. Alégrase de ver que efectivamente non era todo tan malo como se dicía.

Contéstalle o alcalde que se consulta as Resolucións da alcaldía poderá ver que se fixeron nestas últimas tres semanas. Dille que cando o anterior goberno entrou, logo do goberno do PP, tamén lle quedaron todos seus proxectos que quedaron pendentes de executar, como todo o que quedou en trámite, así o día seis non se fai borrón e conta nova, se fose así o Concello pararía e non se trata diso.

- Logo de ver que algúns concelleiros poden falar das familias dos demais concelleiros, dos funcionarios que militan noutros partidos, dos afiliados e demais, pregunta se o carpinteiro do obradoiro, que curiosamente é o secretario xeral do partido Socialista de Fene, que o sábado estaba a traballar no Concello, cando os sábados non hai obradoiros e que ademais traballaba a media xornada en Sitgal. Hai algo de certo nisto?.

Contéstalle o alcalde, respecto das cuestións de persoal que descoñece o que di e que ademais non viu aos traballadores nos xornais nas horas do seu traballo.

- Cales son os criterios que ten o goberno para facer o cambio de encargado?. Antes o encargado non lle gustaba a ningún concelleiros porque era o irmán de non sabe quen, pero resulta que agora o encargado tamén é da executiva do partido Socialista de Fene ou, cando menos, militante, o que é moi curioso. Que criterios se seguiron para o cambio dese encargado?, onde estaba ese encargado o dezasete de abril ás 13.15 h?.

Contéstalle o alcalde que se lle contestará no seguinte Pleno ou ben por escrito.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.34 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.